

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE BAIONA***ANUNCIO de modificación do prego de licitación da xestión da auga.*

O Pleno do Concello de Baiona en sesión ordinaria realizada o día 2 de outubro de 2014 aprobou a modificación dos pregos reguladores do contrato de xestión de servizo público, na modalidade de concesión, que ten por obxecto a xestión do ciclo integral da auga do concello de Baiona, e que foron inicialmente publicados no DOG nº 162, do 27 de agosto de 2014 e corrección de erros no DOG nº 166, do 2 de setembro, e anuncio no BOP nº 166, do 29 de agosto, polo que de conformidade co acordado polo Pleno se abre un novo prazo de licitación, conforme as seguintes especificacións:

## 1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Concello de Baiona.

b) Dependencia que tramita o expediente: Pleno.

c) Obtención da documentación e información:

• Cuestións administrativas: Secretaría do Concello: [secretaria.xeral@baiona.org](mailto:secretaria.xeral@baiona.org)• Cuestións económicas: Intervención: [intervencion@baiona.org](mailto:intervencion@baiona.org)

## 2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: contrato administrativo de xestión de servizo público.

b) Modalidade: concesión.

c) Descrición: xestión do ciclo integral da auga: abastecemento de auga potable e saneamento.

d) Lugar de execución: Baiona.

e) Prazo de execución: 20 anos (non prorrogable).



3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Procedemento: aberto con varios criterios de adxudicación.

b) Tramitación: ordinaria.

c) Criterios de adxudicación: ver prego de cláusulas administrativas particulares:

- Criterios non avaliábeis mediante fórmulas: ata 40 puntos.

- Proxecto técnico de organización dos servizos propostos: ata 20 puntos.

- Metodoloxía de xestión e mellora dos servizos propostos: ata 20 puntos.

- Criterios avaliábeis economicamente: ata 60 puntos.

- Canon concesional variable: estimado como unha porcentaxe da facturación anual: ata 20 puntos.

- Menor custo total unitario da explotación do ciclo integral de auga e a súa repercusión nas tarifas: ata 20 puntos.

- Melloras sen custo adicional: ata 20 puntos.

4. Valor estimado do contrato: 42.656.641,04 € máis IVE: 10 %: 4.265.664,10 €, ascendendo a un total de 46.922.305,14 €.

5. Tipo de licitación/canon de explotación.

- Canon mínimo variable do 20 % do total da facturación anual.

- Investimentos anuais en melloras da rede por un importe mínimo variable do 10 % do total da facturación anual.

6. Garantías.

Definitiva: 5 % do valor total do contrato ofertado polo adxudicatario: IVE excluído.



#### 7. Presentación de ofertas.

As ofertas presentaranse no Concello, no horario de atención ao público das 9.00 ás 14.00 horas, dentro do prazo de 45 días naturais contados desde o día seguinte ao da última publicación do anuncio de licitación, o cal realizarase no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra (BOP) e no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

8. Taxa por presentación a procedementos de licitación pública: 19,40 €.

#### 9. Apertura de ofertas.

Anunciarase no perfil do contratante do Concello de Baiona ([www.baiona.org](http://www.baiona.org)).

#### 10. Gastos de publicidade.

Os gastos derivados da publicación dos anuncios de licitación serán por conta do adxudicatario.

Baiona, 3 de outubro de 2014

Jesús Vázquez Almuíña  
Alcalde presidente

